



Confederación Intersindical Galega

Sección Sindical CIG Telefónica

A Coruña: coruna@cigtelefonica.com Teléfono 981183969 - Fax 981183679

Pontevedra: pontevedra@cigtelefonica.com Teléfono 986264949

Lugo: lugo@cigtelefonica.com / Ourense: ourense@cigtelefonica.com

Xoves 17 de marzo, paro de 3.5 horas

Todos os sindicatos, agás CCOO e UGT, convocamos paros para esixir a readmisión de Maricruz e Marcos

O vindeiro xoves 17 de marzo hai convocada unha nova xornada de paro para esixir a readmisión de Maricruz e Marcos. Desta volta sumáronse máis forzas sindicais, de xeito que só CCOO e UGT lle dan as costas aos compañeiros despedidos.

É absolutamente incomprensíbel a actitude de CCOO e UGT, poñéndose do lado da empresa e paralizando o Comité Intercentros, que está á espera de non se sabe qué. Os traballadores e traballadoras temos que esixir que os Comités actúen como lles corresponde: **defendendo os intereses do cadro de persoal e non ao mandato da empresa.**

Dende a CIG entendemos, dende o primeiro intre, que tiñamos que mobilizarnos para esixir a readmisión destes compañeiros despedidos, non hai outra opción para un sindicato de clase. Outros tipos de actuación, mirando para outro lado e ignorando o que todos os traballadores e traballadoras temos expresado nos paros anteriores, non é propia dun sindicato. Os que así actúan serán calquera cousa menos sindicatos de traballadores.

Como xa dixemos nun comunicado anterior, dende a CIG apoiaremos todas as medidas que se poidan levar adiante para darlle a volta a esta situación, nós sempre defendemos a mobilización como ferramenta para defender os dereitos da clase traballadora.

A xornada de paro do **vindeiro xoves 17 de marzo** será do seguinte xeito:

- Nas quendas de mañá, as últimas 3.5 horas da súa xornada.
- Nas quendas de tarde, as primeiras 3.5 horas da súa xornada.
- Nas quendas de noite, as últimas 3.5 horas da súa xornada.
- Nas quendas partidas hai dúas opcións: as últimas 3.5 horas da xornada de mañá ou as últimas 3.5 horas da xornada total.
- Nas xornadas reducidas a parte proporcional.

POLO DEREITO Á SAÚDE: DESPEDIDOS READMISIÓN!!!

**En defensa do Emprego en Telefónica,
mobilización permanente!!!**

Compostela, 14 de marzo de 2011

www.cigtelefonica.com